

# A BIBLIA E A ARTE

## O leproso agradecido

- 1 Completa escribindo no teu caderno o número e a palabra. Logo, contesta.

Deus – Xesús – curado – grazas – berros

«Un deles, vendo que estaba ① \_\_\_\_\_, volveuse loando a ② \_\_\_\_\_ con grandes ③ \_\_\_\_\_ e prostrouse aos pés de ④ \_\_\_\_\_, rostro en terra, dándolle ⑤ \_\_\_\_\_» (Evanxeo de San Lucas 17, 15-16).

- a) Que fixo un leproso ao verse curado?  
b) Recordas que lle dixo Xesús despois?
- 2 Observa e escribe no teu caderno o número e o nome correspondente.

Xesús – os nove leprosos – o leproso agradecido



- 3 Escribe un título para este cadro. Explícallo aos teus compañeiros e compañeiras.



Os leprosos eran persoas marxinadas en tempos de Xesús. Levaban nas súas mans unha campaña que avisaba da súa presenza. Xesús achégase aos enfermos abandonados e ás persoas que cren nel.




# REPASO DA UNIDADE

## RESUMO O MÁIS IMPORTANTE



1 Completa seguindo na táboa inferior o camiño debuxado na superior. Escribe a frase no teu caderno.



m	n		X	a	c	p	e	o
i	ó	s	e	F	e		r	a
s	i	ú	s		r		s	s

A \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ es \_\_\_\_\_ felices as \_\_\_\_\_.

## COMPROBO O APRENDIDO



1 Contesta escribindo no teu caderno o número e a resposta correcta.

- Xesús, cos seus comportamentos, fai as persoas...
  - desgraciadas.
  - inxenuas.
  - felices.
- Polo seu grande amor, Xesús entregou a súa vida por todas as...
  - nacións.
  - ciudades.
  - persoas.
- O principal mandamento de Xesús é o Mandamento do...
  - Perdón.
  - Amor.
  - Compartir.
- Xesús ensinou o Mandamento do Amor en...
  - a Última Cea.
  - a sinagoga.
  - o Templo.
- Un milagre de Xesús é o leproso...
  - desagradecido.
  - agradecido.
  - triste.
- A virtude da caridade consiste en amar a Deus sobre todas as cousas e a...
  - o noso barrio.
  - os demais.
  - o noso planeta.

